

**ACTA Nº 2019/04**  
**SESIÓN Extraordinaria DO PLENO DA CORPORACIÓN**  
**- SALON DE PLENOS, luns 1 de abril de 2019 -**

No día de hoxe, ás 19:00 horas, baixo a presidencia do alcalde, reúnen-se os concelleiros e concelleiras que se indican, coa asistencia do Secretario-Interventor, que subscribe, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, Sesión Extraordinaria do Pleno da Corporación.

**PRESIDE:**

SECUNDINO GARCIA CASAL

**ASISTEN:**

BNG

MANUEL VARELA MECIAS

SABELA IÑIGUEZ CINZA

MANUEL BECEIRO COUCE

AMPARO CALVO GONZÁLEZ

XESÚS SOTO VIVERO

ANA BELÉN BREIXO GUNDÍN

PP

MANUEL ROMERO CASTRILLON

MARIA BELEN TRIGO MEIZOSO

PSOE

YOLANDA VAZQUEZ PAZOS

**AUSENCIAS:**

CRISTINA CALVO TUIMIL (PP)

**SECRETARIO:**

MIGUEL A. ARROYO MORENO

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que o alcalde, como Presidente, declara aberta a sesión.

Antes de comezar co tratamento da orde do día, o secretario-interventor municipal informa que debe tratarse en pleno a modificación puntual que se tivo que realizar no proxecto relativo ao local multiusos anexo ao centro social en Lamas que se presentou ao POS+2019 da Deputación da Coruña, xa que houbo que cambiar as características da rampa de acceso. Dita modificación foi aprobada pola alcaldía e debe ser ratificada en pleno. A corporación ratifícaa por asentimento.

Procédese a continuación a tratar os asuntos incluídos na **ORDE DO DÍA:**

**PRIMEIRO.- SORTEO PARA A ELECCIÓN DAS PERSOAS QUE FORMARÁN PARTE DAS MESAS ELECTORAIS NAS VINDEIRAS ELECCIÓN XERAIS DO 28 DE ABRIL DE 2019.**

Por parte do secretario-interventor municipal procédese a realizar o sorteo das persoas que formarán parte das mesas electorais nas eleccións xerais do 28 de abril de 2019, mediante o uso da aplicación facilitada ao respecto polo Instituto Nacional de Estatística. Explica que para evitar ter que realizar novos sorteos, hai a opción de elixir cinco persoas suplentes para o suposto no que existan escusas non quedar sen persoas designadas.

A corporación municipal amosa o seu asentimento, procedendo a realizarse o sorteo e a darse lectura das persoas designadas para cada un dos postos nas distintas mesas.

Dispónse a notificación da selección ás persoas designadas.

## **SEGUNDO.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA DESAFECTACIÓN E PERMUTA DUN TRAMO DE CAMIÑO PÚBLICO NO LUGAR DE ENTREMUROS (LAMAS); PREVIA RATIFICACIÓN DA SÚA INCLUSIÓN NA ORDE DO DÍA PARA A TRAMITACIÓN COMO ASUNTO URGENTE.**

Consta no expediente a seguinte proposta da Alcaldía, que non foi sometida a ditame da comisión previa, polo que debe ser sometida para a súa consideración de urgente, polo que se procede a someter a votación, sendo **aprobada con oito (8) votos a favor das concelleiras e concelleiros do BNG e PSOE e dous (2) votos en contra da concelleira e concelleiro do PP:**

### *"PROPOSTA DE ALCALDÍA*

*Asunto: Desafectación e permuta dun tramo de camiño público.*

*Recibido escrito no concello de San Sadurniño solicitando a eliminación dun tramo de camiño público no lugar de Entremuros, na parroquia de Lamas, entre as parcelas 1095 e 1096 no polígono 503.*

*Para a modificación do trazado, é precisa a previa desafectación do ben, pola súa condición de dominio público; non afectando aos intereses municipais e manténdose intacto o servizo de acceso a leiras particulares.*

*Consta informe de secretaría no que conclúe: "En base ó indicado no presente informe, **infórmase favorablemente o expediente** para a desafectación do tramo do camiño de titularidade municipal sito no lugar de Entremuros, da parroquia de Lamas, ao seu paso pola leiras de titularidade de José Rommel Sedes García, coa finalidade última da modificación do trazado do devandito camiño, segundo a proposta realizada polo interesado e os servizos técnicos municipais, tal como consta no expediente.*

*E de acordo con todo iso, proponse incluír na orde do día da próxima sesión plenaria, previo ditame da Comisión Informativa de Asuntos de Pleno, o expediente completo ao obxecto de que previo estudo e debate, se adopte o correspondente acordo, nos termos que a continuación se expresan:*

**PRIMEIRO.-** *Incluir no Inventario Municipal de Bens do Concello o camiño público existente no lugar de Entremuros, da parroquia de Lamas, entre as parcelas 1095 e 1096 do polígono 503 do Catastro, xa que se trata dunha vía pública que, debido a una omisión involuntaria e errónea, non se inclueu no seu*

*momento no Inventario aprobado polo Concello a pesar de que é público e notorio que se trata dunha vía pública municipal.*

**SEGUNDO.-** *Aprobar a proposta de desafectación do tramo do camiño municipal identificado no punto anterior, co fin da modificación do trazado do devandito camiño ao seu paso polas fincas das que é propietario José Rommel Sedes García, mediante permuta con terreos da súa propiedade e con fundamento no feito de que con esa desafectación e permuta se mellorará sensiblemente o trazado do camiño ao incrementar a súa anchura, ademáis de que se evitará un perxuízo innecesario ao solicitante.*

**TERCEIRO.-** *Someter o acordo que se adopte a información pública por prazo dun mes, en cumprimento do indicado no artigo 8 do Real Decreto 1372/1986, de 13 de junio, por el que se aprueba el Reglamento de Bienes de las Entidades Locales, mediante anuncios no Boletín Oficial da Provincia, e no taboleiro de anuncios do Concello para que os interesados poidan formular reclamacións."*

Á vista do anteriormente exposto, e en base ás atribucións que me confire a lexislación vixente, **PROPOÑO AO PLENO MUNICIPAL DO CONCELLO DE SAN SADURNIÑO A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:**

**PRIMEIRO.-** *Incluir no Inventario Municipal de Bens do Concello o camiño público existente no lugar de Entremuros, da parroquia de Lamas, entre as parcelas 1095 e 1096 do polígono 503 do Catastro, xa que se trata dunha vía pública que, debido a una omisión involuntaria e errónea, non se inclueu no seu momento no Inventario aprobado polo Concello a pesar de que é público e notorio que se trata dunha vía pública municipal.*

**SEGUNDO.-** *Aprobar a proposta de desafectación do tramo do camiño municipal identificado no punto anterior, co fin da modificación do trazado do devandito camiño ao seu paso polas fincas das que é propietario José Rommel Sedes García, mediante permuta con terreos da súa propiedade e con fundamento no feito de que con esa desafectación e permuta se mellorará sensiblemente o trazado do camiño ao incrementar a súa anchura, ademáis de que se evitará un perxuízo innecesario ao solicitante.*

**TERCEIRO.-** *Someter o acordo que se adopte a información pública por prazo dun mes, en cumprimento do indicado no artigo 8 do Real Decreto 1372/1986, de 13 de junio, por el que se aprueba el Reglamento de Bienes de las Entidades Locales, mediante anuncios no Boletín Oficial da Provincia, e no taboleiro de anuncios do Concello para que os interesados poidan formular reclamacións."*

O alcalde explica que se trata dun cacho pequeno dun camiño forestal que non ten a anchura suficiente para o paso de maquinaria forestal e dá entrada a unha vivenda, polo que a persoa titular do inmovible solicitou a desafectación.

O secretario-interventor intervén para aclarar que dito camiño non aparece no inventario municipal de bens, por iso é preciso incluílo para poder iniciar o expediente.

A portavoz do PSOE, Yolanda Vázquez, e o portavoz do PP, Manuel Romero, manifestan o seu voto favorable á proposta.

Rematada a quenda de intervencións, procédese á votación, **resultando aprobada a proposta da**

**Alcaldía por unanimidade.**

Ao non haber asuntos que tratar, a presidencia declara rematado o acto cando son as 19:08 horas, de todo o que, como secretario, dou fe.

O alcalde  
Secundino García Casal

O secretario  
Miguel A. Arroyo Moreno

BORRADOR